



# Onde ver aves



# en Galicia

## Onde ver aves en Galicia

### Un proxecto da Sociedade Galega de Ornitología - SGO

#### **1.- Presentación da idea.**

Cada vez son máis os países do planeta que contan con guías que recollen as zonas e itinerarios máis axeitados do seu territorio para observar aves. Estas guías están dirixidas tanto aos afeccionados "indíxenas" como a aqueles outros que chegan de fóra, e se caracterizan polos seus contidos eminentemente prácticos. Moitas delas están escritas por ornitólogos británicos ou en xeral do norte de Europa.

Na Asemblea da SGO do ano 2004 aprobouse o proxecto de elaborar desde a nosa Sociedade unha guía deste tipo. Nesta última Asemblea de 2005 presentáronse e aprobáronse tanto os contidos desta futura publicación como a forma de facela realidade. Este documento é, ao mesmo tempo que unha presentación do proxecto, unha chamada á participación dos nosos socios e socias.

A publicación dunha guía titulada "Onde ver aves en Galicia" só pode ser froito do traballo conxunto de todos nós. Ao fin e ao cabo, do que se trata é de que cada un escriba sobre a/s zona/s que tantas veces percorreu, e que coñece mellor que ninguén.

## **2.- Metodoloxía de traballo.**

### **2.1.- Coordinación.**

Este traballo vai ser coordinado por tres membros da actual Xunta Directiva da SGO (Miguel Conde Teira, José Antonio de Souza Bazarra e Antonio Sandoval Rey) e un socio (Manuel Martínez Lago), tal e como se decidiu por parte da Xunta Directiva. Por suposto, se algún socio máis desexa botar unha man na coordinación, será moi ben benvido.

Será función deste equipo manter os prazos que se fixen para o envío de textos e corrixir estes a fin de que toda a publicación teña un estilo de redacción homoxéneo. Tamén encargarase de todo o traballo de edición, incluída a supervisión do deseño dos mapas, e posteriormente do labor que implique a publicación da obra.

### **2.2.- Selección de autores.**

Nunha primeira fase, que se estenderá a un máximo de 30 días, os socios e socias da SGO poderán apuntarse a botar unha man na redacción dos textos correspondentes a aquelas zonas que lles resulten mellor coñecidas. Máis abaixo figura a relación de zonas propostas. Desde logo, pode haber máis dun autor por zona. Así, no caso de que dúas ou máis persoas teñan interese en redactar o texto correspondente a un mesmo lugar, só teñen que poñerse de acordo. Xunto a cada texto de cada zona figurarán os nomes do/s seu/s autor/es.

No caso de que non haxa autores para algunha das zonas escollidas, ou ben os coordinadores buscarán un ou varios autores para elas, ou esas zonas non dispoñerán de texto na publicación final, onde de todos modos serán citadas.

### **2.3.- Redacción de textos.**

Os autores dispoñerán dun máximo doutros 60 días para redactar e enviar os seus textos. Entendemos que este tempo debe ser suficiente para escribir sobre unha ou unhas poucas zonas de paxareo ben coñecidas.

Os textos enviaranse obrigatoriamente en formato dixital e por correo electrónico á dirección [ova@sgosgo.org](mailto:ova@sgosgo.org)

Os autores centraranse na localidade principal da zona escollida, podendo engadir zonas próximas con especies complementarias, mesmo fóra de Galicia (p. ex. Ría de Ribadeo e zonas asturianas próximas, marxe portuguesa do Miño, pequenas lagoas e campos da Terra Chá, etc.), que irán en apartados específicos do capítulo. Os textos poderán ser redactados en galego ou castelán, podendo ser revisados por tradutores para a publicación definitiva da guía, de acordo a criterios establecidos de común acordo pola Sociedade e a editorial.

Tanto durante este tempo como durante a seguinte fase (ver a continuación) os coordinadores redactarán ou encargarán a terceiros a redacción do resto de contidos da guía.

## **2.4.- Mapas**

Os autores acompañarán os seus textos con mapas e/ou croquis, a escala suficiente para cada caso, dos itinerarios propostos. Serven fotocopias.

## **2.5.- Edición de textos.**

Durante os tres meses seguintes, os coordinadores realizarán o labor de edición e homoxeneización dos textos, e de ser necesario contactarán en máis dunha ocasión cos diferentes autores a fin de buscar aclaracións ás dúbidas que xurdan, etc.

Unha vez terminada a edición de todos os textos, estes serán enviados aos seus autores para recibir o visto bo final. Como xa se sinalou máis arriba, xunto a cada texto de cada zona figurarán os nomes dos seus autores.

## **2.6.- Publicación da guía “Onde ver aves en Galicia”.**

Unha vez terminados todos os textos, e non antes, procederase a contactar con diferentes entidades ou editoriais a fin de publicar a obra nas condicións máis vantaxosas para a nosa Sociedade. Será unha vez confirmado este extremo cando se encargará o deseño dos mapas, único traballo que entendemos debe ser remunerado pola súa complexidade.

O tempo que leve esta última fase dependerá de moitas variables, polo que non é doado de fixar “a priori”.

Cada colaborador recibirá polo menos un exemplar gratuíto da guía. Os socios e socias non colaboradores poderán beneficiarse dun prezo especial de compra.

## **3.- Contidos.**

- 1- Dedicatorias
- 2- Agradecementos xerais
- 3- Presentación
- 4- Breve descrición de Galicia
- 5- Consellos xerais (equipo, roupa, etc.)
- 6- Proposta de itinerarios por zonas (ver máis abaixo).
- 7- Lista-estatus das aves de Galicia
- 8- O calendario ornitolóxico galego: ónde ir e cando (propostas para cada momento do ciclo anual)
- 9- Bibliografía e recursos (páxinas web, información meteorolóxica, etc)
- 10- Anotacións.
- 11- A SGO: historia, fins, actividades, ónde enviar as túas observacións... etc

#### **4.- Proposta de zonas.**

Figuran entre parénteses as zonas de interese próximas, que se incluírán en cada capítulo. Algunhas delas pode ser que non precisen máis que unhas liñas; outras poden merecer varios párrafos.

Como xa se sinalou máis arriba, os socios e socias da SGO poderán apuntarse a botar unha man na redacción dos textos correspondentes a aquelas zonas que lles resulten mellor coñecidas, e pode haber máis de un autor por zona.

- 1) Estaca de Bares (inclúe ría de O Barqueiro, enseada de Esteiro e Serra da Faladoira)
- 2) Ría de Ortigueira - Ladrado e Serra da Capelada
- 3) Lagoa da Frouxeira - Valdoviño (inclúe Cedeira, encoro de As Forcadas, Punta Frouxeira e Pantín)
- 4) Doniños e Ría de Ferrol (inclúe San Xurxo-Cobas e cabo Prior)
- 5) Rías de Ares e Betanzos (inclúe Couto de Chelo)
- 6) Cidade de A Coruña e Ría do Burgo (inclúe encoros de Sabón e Meicende e Costa de Dexo)
- 7) Costa de Bergantiños: de Barrañán a Baldaio
- 8) Costa de Bergantiños: Malpica (inclúe costa E de Malpica, illas Sisargas, enseada de Seiruga e cabos San Adrián e punta Nariga).
- 9) Costa de Bergantiños: Ría de Corme-Laxe e Praia e lagoa de Traba (inclúe curso baixo do río Anllóns).
- 10) Ría de Camariñas e cabo Vilán (inclúe Camelle e costa)
- 11) Muxía - cabo Fisterra
- 12) Complexo Carnota-Caldebarcos (inclúe Ézaro e O Pindo)
- 13) Ría de Muros-Noia (inclúe Louro, estuario do Tambre e Serra de Outes)
- 14) Lagoas de Corrubedo e Porto do Son (inclúe Aguiño, Castiñeiras e arquipélago de Sálvora)
- 15) Arousa Norte e estuario do Ulla (inclúe Rianxo, Barraña e Serra do Barbanza)
- 16) Parque Natural das Fragas do Eume (inclúe serra do Forgoselo)
- 17) Embalse de Abegondo – Cecebre (inclúe curso baixo do Mero)
- 18) Comarca de Ordes (encoros de Vilagudín e Vilasenín, río Tambre en Sigüeiro)
- 19) Lagoa de Sobrado e Terra de Melide
- 20) Alto Ulla e Deza
- 21) Conca alta do Xallas (Inclúe encoro de Fervenza e Braña Rubia)
- 22) Ría de Ribadeo
- 23) Ría de Foz
- 24) Cabo Burela, San Cibrao e Costa de Xove
- 25) Ría de Viveiro e Porto de Celeiro
- 26) Serra do Xistral
- 27) Terra Chá: Cospeito-Castro de Rei.
- 28) Terra Chá: Complexo Parga - Ladra
- 29) Lugo e arredores
- 30) Río Miño entre Portomarín e Os Peares
- 31) Baleira e A Fonsagrada (Inclúe fragas de Carballido, da Marronda e outras).
- 32) Os Ancares
- 33) Serra do Courel
- 34) Alto Ulla e Deza (Ponte Ulla, Fervenza do Toxa, Fraga de Catasós).
- 35) Esteiro do Miño (A Guarda, Sapal do Coura, praia de Moledo e Seixas)
- 36) Lagoa de Budiño (inclúe veigas de Valença e Tui).
- 37) Vigo e arredores (Xunqueira do Lagares, Monte Galiñeiro, praias de Canido).

- 38) Ría de Baiona (inclúe cabo Silleiro, Xunqueira de A Ramallosa e Monteferro)
- 39) Costa de Cangas e Moaña.
- 40) Enseada de San Simón.
- 41) Illas Cíes.
- 42) Illa de Ons.
- 43) Ría de Pontevedra (inclúe Xunqueira de Alba e Campelo)
- 44) Serra do Suído (inclúe prados da Cañiza, piñeiral da Fontefría)
- 45) Serra do Candán e Brañas de Xestoso
- 46) Esteiro do Umia e península do Grove.
- 47) Illa de Arousa.
- 48) Encoro de Castrelo de Miño (inclúe Barreiras de San Cristovo e ribeiras do Miño en Ourense).
- 49) Serra de Laboreiro (inclúe Castro Laboreiro)
- 50) Encoro das Conchas.
- 51) A Limia.
- 52) Calvos de Randín (inclúe conca do Salas, meseta da Mourela e picos da Fontefría).
- 53) Serra de Larouco.
- 54) Val do Támega e Soutos de Vilardevós.
- 55) A Mezquita (inclúe Castromil-Hermisende e zonas próximas de Montesinho)
- 56) Viana do Bolo e cunca do Cenza.
- 57) Macizo Central Ourenzano (Manzaneda, Trives e Rozavales).
- 58) Macizo Central Ourenzano (O Invernadeiro).
- 59) Pena Trevinca (inclúe A Veiga).
- 60) Serra de Enciña da Lastra (inclúe Lago de Carucedo)
- 61) Encoro de San Martiño.
- 62) Contar cómo é unha saída ao mar

## **5.- Proposta de ficha por zona.**

### **DATA FINAL PARA A RECEPCIÓN DE TEXTOS ORIXINAIS: 21 DE MARZO**

Os textos que se redacten para cada zona deberán recoller todos os contidos que se relacionan a continuación, e estar ordenados da forma que se indica. A súa extensión dependerá lóxicamente do que dea de sí cada zona, se ben prégase aos autores o maior esforzo posible por sintetizar a información (5-6 páxinas máximo).

#### **A) A zona**

- Breve descrición: tipo/s de hábitat, paisaxe, relevancia a escala provincial, galega ou peninsular, especies obxectivo (aquelas que sexan típicas ou fáciles de observar neste lugar e difíciles de atopar noutras zonas: “a zona é ideal para observar...”; incluídas especies comúns), e outra fauna relevante...
- Estatus legal-conservacionista (ZEPA, LIC, IBA, outros...) e descrición somera problemas de conservación.
- Épocas do ano máis idóneas para visitala e inconvenientes noutros períodos (turismo, meteoroloxía, riqueza en aves...).
- Acceso: descrición detallada de cómo chegar en coche e en transporte público, e tempo estimado en chegar desde as principais cidades do seu contorno.
- Aloxamento, hostelería e gasolineras (mencionar establecementos só onde sexan moi escasos). Teléfonos de interese ornitolóxica (centros de interpretación, observatorios, etc).
- Puntos de interese turístico próximos.

#### **B) As especies**

- Mencionar as especies características da zona (nome galego, científico e castelán):
  - Residentes (fáceis de ver e con sorte)
  - Invernantes (fáceis de ver e con sorte)
  - Estivais (fáceis de ver e con sorte)
  - En paso (fáceis de ver e con sorte)
  - Especies accidentais en Galicia e rarezas citadas. Ver “Estatus das Aves de Galicia” (de Souza *et al.*, 1998) para as primeiras e “Lista das Aves de España” (Clavell *et al.*, 2005) para as segundas.
- Tempo recomendado de permanencia na zona para observar a maioría das especies presentes.

#### **C) Itinerarios**

- Itinerarios recomendados para facer en coche, e paradas, mencionando as principais especies que se poden observar.
- Itinerarios recomendados para facer a pé, e paradas, mencionando as principais especies que se poden observar.
- Existencia de observatorios, “hides” ou percorridos marcados
- Plano dos itinerarios, o máis sinxelo posible, e marcado sobre un mapa.

#### **D) Outras recomendacións:**

Comentarios sobre calquera aspecto a resaltar para unha mellor visita: uso de botas de auga, imprescindible telescopio, repelente de mosquitos, permisos de acceso, horas de entrada, coidado co can...

#### **E) Bibliografía**

Libros e artigos sobre a zona de interese para o ornitólogo.

Recordade: os textos enviaranse obrigatoriamente en formato dixital e por correo electrónico á dirección [ova@sgosgo.org](mailto:ova@sgosgo.org)

## Páxina seguinte: Tabla de autores

**Celdas en negro:** responsables principais dos textos

**Celdas en gris:** responsables secundarios do texto (participan na elaboración de so parte dos mesmos)





# EJEMPLO DE ZONA

## SERRA DO LAROUCO

*Miguel conde Teira*

**Estatus:** sin protección.

### **Descripción:**

La sierra de Larouco se extiende unos 12 Km entre España y Portugal, en la llamada "Raia Seca", frontera montañosa y poco habitada entre España y Portugal. Su relieve redondeado destaca sobre las planicies circundantes de A Limia y las mesetas de la comarca de portuguesa del Barroso (ver lugar nº ..., A Limia en esta guía) sobresaliendo 800 m sobre los territorios próximos, y alcanzando los 1600 m de altitud en su punto más alto.

A excepción de los robledales de melojo (*Quercus pyrenaica*) y carballo (*Quercus robur*) de A Rousía y Sendim, en sus vertientes NW y W, y algunas repoblaciones grandes de pino albar (*Pinus silvestris*) en su parte gallega, poco desarrolladas, la mayor parte de la sierra se caracteriza por sus extensos brezales y pastizales secos. En la línea de cumbres, los espolones rocosos de la vertiente SW, en Portugal, dan variedad a un relieve que destaca por sus superficies aplanadas a gran altitud (1300 m). No está incluida en la Red Natura 2000 ni en otras figuras de protección, y su fauna es la común en las zonas montañosas del interior de Ourense, destacando sobre todo por sus valores paisajísticos. Sin embargo, es un lugar relativamente cómodo para observar especies reproductoras escasas (*Monticola saxatilis*, *Circus cyaneus*, *Oenanthe oenanthe*). Más raramente se puede localizar Escribano Hortelano (*Emberiza hortulana*), en la zona del parque eólico. Los melojares de las vertientes W y NW aportan una notable diversidad al conjunto.

En una excursión combinada con A Limia podemos obtener una lista notable de especies, por encontrarnos en un área de transición entre los ambientes mediterráneos y eurosiberianos (norteños). Siempre existe la posibilidad de observar lobo en los recorridos por las pistas, pero las probabilidades son mayores a horas muy tempranas ó crepusculares.

**Épocas de visita:** mayo y junio. En invierno desciende notablemente el número de especies presentes, y el clima es ciertamente duro, con frío, niebla, lluvia, algunas nevadas y vientos fuertes. Sin embargo, los bosques de las laderas W y NW pueden ofrecer bonitos paseos y la posibilidad de observación de aves forestales (Trepador Azul, Agatedor Común, páridos).

**Acceso:** desde Xinzo de Limia, se coge la carretera en dirección a Baltar-Portugal-Montalegre (atención a las diferentes salidas desde Xinzo a otras localidades). Una vez en Baltar, hay tres posibilidades de ascender a la sierra:

1) Pista desde Baltar (se coge a la derecha después de pasar la localidad), viniendo desde Xinzo.

2) Acercarnos a la población de Vilela (carretera de Cualedro desde Baltar) y desde allí subir a la sierra por los accesos de los parques eólicos de la vertiente NW. Nos situaríamos en el extremo NW de las mesetas. En esta zona se puede observar Aguilucho Pálido (*Circus cyaneus*), y, eventualmente, Escribano Hortelano (*Emberiza hortulana*), préstese atención a su canto particular. Nótese que esta especie llega tardiamente, no siendo patente hasta mediados de mayo.

3) Subir desde la vertiente W. Es la opción más recomendable (junto con la opción del acceso nº 2). Este acceso discurre por territorio portugués, Después de entrar en Portugal (una vez sobrepasado el collado que separa ambos países), se coge a un 1 km una pista asfaltada a la izquierda que va hacia la aldea de Padornelos. Poco después (y bastante antes de llegar a Padornelos) sale una pista ancha a la izquierda, que tras cruzar una granja nos lleva hasta las cimas de Larouco, pasando cerca de espolones rocosos. El estado de la pista puede variar con el tiempo y puede estar transitable con dificultad algunos años. Es utilizada por los practicantes de parapente (al igual que el acceso 1) por lo que se puede preguntar por el estado de ésta y otras pistas en Montalegre, Padornelos ó, eventualmente, Baltar.

**Alojamiento, puntos de interés turístico próximos:** Existe pensión en Baltar y casa de Turismo Rural “A Rousía” y “Couto Mixto” en San Paio. En Montalegre hay también establecimientos hoteleros y casas rurales (Mourilhe, Covelaes). En Xinzo tiene una diversa oferta de hoteles de precio medio. En el Parque Nacional Peneda-Gerês próximo hay hostales, pensiones y casas de alquiler para grupos.

La villa y el bonito castillo de Montalegre, bien merecen una visita. En el antiguo “Couto Mixto” territorio medieval con un estatus particular (aldeas de Santiago de Rubiás y Tourém, entre otras), y en las aldeas trasmontanas próximas (Padornelos, o el excepcional conjunto de Gralhas) se conserva bien la arquitectura tradicional.

**Otros puntos de interés ornitológico:** en los pinares próximos a Montalegre podría criar eventualmente Piquituerto (¡se han realizado observaciones en el casco urbano!). En el entorno del castillo también es posible observar Abubilla y Gorrión Molinero. En los campos de la carretera en dirección Vilar de Perdizes (antes de llegar al núcleo urbano) se puede observar Triguero, Codorniz, Aguilucho Cenizo y Alcaudón Real. Siguiendo la carretera a Sezelhe y parando justo unos 100 m antes de que cruce el río Cávado podemos seguir un suave itinerario abajo indicado. En Baltar, en el lado gallego, siguiendo la carretera a Calvos de Randín podemos acceder al sitio nº 24 (Calvos de

Randín y A Mourela). A estas localidades podemos llegar también desde Covelaes, completando un interesante circuito fronterizo.

### **Las especies:**

**Residentes (fáciles de ver):** Herrerillo Común, Herrerillo Capuchino, Mito, Ratónero Común, Gavilán.

**Residentes (con suerte):** Cárabo Común (fácil de oír a finales del invierno)

**Estivales (fáciles de ver):** Mosquitero Papialbo, Mosquitero Ibérico, Escribano Cerillo, Escribano Montesino, Camachuelo Común, Ruiseñor Común, Pico Picapinos, Pico Real, Alcaudón Real, Aguilucho Cenizo, Alcaudón Dorsirrojo, Triguero, Roquero Rojo, Curruca Zarcera, Mito, Cuco, Collalba Gris, Cernícalo Vulgar, Lavandera Cascadeña, Oropéndola (fácil de oír).

**Estivales (con suerte):** Curruca Mosquitera (¡atención a los cantos de Currucas!), Abejero Europeo, Escribano Hortelano, Trepador Azul, Aguilucho Pálido, Mochuelo, Perdiz Roja, Codorniz, Autillo (estos dos últimos fáciles de oír), Oropéndola.

**Invernantes:** la sierra es muy poco conocida en invierno. El número de especies es muy reducido en las cumbres superiores en esta época.

**En paso (fáciles de ver y con suerte):** se conoce muy poco de las especies que se pueden observar complementariamente en paso.

**Especies accidentales en Galicia y rarezas citadas:** aunque no son rarezas propiamente dichas se ha observado Piquituerto en los pinares de Serra do Larouco y en época de cría, siendo ave escasa como reproductora en Galicia. Atentos a registros estivales en pinares de Lúgano y Reyezuelo Sencillo, que podrían indicar reproducción de estas especies escasas en Galicia. En las pequeñas áreas húmedas en verano mejor conservadas (turberas y "lameiros"-prados de siega muy húmedos-) podría detectarse eventual cría de Agachadiza Común, ya que esta comarca es uno de los últimos reductos ibéricos de la especie.

**Tiempo recomendado :** un circuito de dos ó tres días por la zona en mayo ó junio, con buen tiempo, nos permitiría la observación de las especies citadas.

### **Itinerarios**

**Ruta en coche; circular Larouco-Barroso:** de dos días de duración (circuito Baltar, Larouco, Montalegre, Tourém, Xinzo), plano nº 1. Primer día: desde Xinzo a Baltar, con ascensión facultativa a Serra do Larouco, paseo por bosques de Sendim, visita a la ciudad y campos de Montalegre. 2 día: paseo por las riberas del Cávado, Covelaes y meseta de A Mourela, para conectar con Calvos de Randín por Tourém (entrando en lugar nº ... de esta guía, y vuelta a Xinzo).

**Ruta en coche; ascensión a Larouco:** a partir del acceso señalado nº 3 se asciende a las cumbres del Larouco. A medio camino se cruza una zona de roquedos, entre los que se puede ver, con algo de paciencia, Roquero Rojo y Alcaudón Dorsirrojo. En la subida se puede ver también Aguilucho Pálido y Cernícalo Vulgar. Si la pista está en buen estado se llega a la amplia cima, donde venos un pequeño prado preparado para el despegue con parapente. Desde allí podemos realizar una ruta a pie, de ida y vuelta por el mismo camino. En buen tiempo podemos seguir la línea de cumbres, por caminos bien visibles, en dirección al NW, hasta llegar a una amplia meseta (40 h. de camino) donde se puede ver Aguilucho Cenizo, Cuco, Curruca Rabilarga, y , prestando atención a las rocas y bordes de pistas, Collalba Gris criando (plano nº 2).

**Ruta a pie; Bosques de Sendim:** poco después de la frontera, en la carretera Baltar-Montalegre encontramos una pista asfaltada a la derecha (hacia la aldea de Sendim y un muro de una granja, en el lugar de *Poço do Grou*), a la izquierda sale un camino, que tras pasar unos campos, se mete en el robledal. En los campos se puede observar Ruiseñor Común, Escribano Cerillo, Curruca Zarcera, Camachuelo Común, Mosquitero Ibérico, Herrerillo Capuchino, Mito, Herrerillo Común, Mosquitero Papialbo, y, con suerte, Trepador Azul, éste sobre todo en el extremo S del bosque, al que se puede acceder desde la carretera Baltar-Montalegre cogiendo una pista asfaltada a la izquierda 1 km después de la frontera, hacia Portugal. Ver Plano nº 2.

**Ruta a pie; Alto Cávado:** siguiendo la carretera a Sezelhe desde Montalegre y parando justo unos 100 m antes de que cruce el río Cávado podemos coger un camino a la izquierda que nos lleva cómodamente a campos y bosques, y finalmente al río Cávado. En el recorrido, muy suave, de unas 3 h. ida y vuelta, a paso de ornitólogo, se puede observar Escribano Cerillo, Curruca Mosquitera, Bisbita Arbóreo y Alcaudón Dorsirrojo. Véase Plano nº 2, número 6.

**Existencia de observatorios, “hides” o recorridos marcados:** puede preguntarse en el ayuntamiento de Baltar (casa do concello) y Câmara Municipal de Montalegre por información sobre senderismo, ya que existen algunos itinerarios marcados y como novedad en la comarca se están empezando a difundir estas rutas. No existe, hasta el momento, información detallada.

**Plano: Planos nº 1 y Plano nº 2.**

**Otras recomendaciones:**

Atención sobre todo al estado de las pistas, si se circula por ellas, ya que pueden resultar dañinas para vehículos normales. Cuidado con la velocidad y con el tránsito de otros vehículos en el parque eólico. Existen pocas gasolineras en la zona, por lo que se recomienda llenar el depósito (Xinzo). Las mesetas superiores son medios hostiles, con elevada insolación, casi sin cursos de agua permanentes y poca sombra (se recomienda siempre llevar gorra, protección solar y agua), además de una prenda de abrigo, incluso en pleno verano. Las jornadas estivales pueden resultar muy calurosas, se

recomienda evitar las horas centrales del día. Llévase calzado fuerte – botas de andar cómodas - (la mayor parte de los caminos tradicionales de los bosques pueden tener barro y algo de agua buena parte del año).

La meteorología puede ser infame en invierno en las áreas superiores, con mucho frío y viento. Como en la mayor parte de las montañas gallegas debe prestarse atención a los cambios repentinos de tiempo especialmente en invierno. En altitud se recomienda llevar siempre, incluso en verano, alguna prenda de abrigo. En primavera y verano evítese estar a la intemperie durante episodios de tormenta. En ocasiones se celebran competiciones de parapente en el Larouco, con la consiguiente afluencia de gente y mayor dificultad para observar aves.

### **Bibliografía:**

Pimenta, M. y Santarém, L. (1996). Atlas das Aves do Parque Nacional da Peneda-Gerês. Instituto da Conservação da Natureza-Parque Nacional da Peneda-Gerês. Porto. *Completo inventario de la avifauna de un espacio próximo.*

Castro Henriques, P. y Neves, R. (2000). Percursos. Paisagens y habitats de Portugal. Assírio e Alvim. *Obra general, con algún itinerario en la zona.*

### **Mapas**

Lo más accesible, aunque no están muy actualizados en lo referente a accesos, son los mapas del Servicio Cartográfico del Ejército (1:50.000), Baltar. Lo ideal, sin embargo es conseguir mapas cartográficos portugueses 1:25.000, muy recientes y detallados (librerías en Porto ó por internet, aunque caros) y en los que viene también la parte gallega. En los españoles del Instituto Geográfico Nacional (IGN), un poco menos recientes Portugal viene en blanco , aunque en las nuevas ediciones que se están realizando (a escala 1:50.000) es probable es que figure el otro lado de la frontera.

# Planos enviados por el autor

